


# VIAXE A MONFRAGÜE

1º BACHARELATO. IES FÉLIX MURIEL.  
RIANXO. Abril-2018

## A NOSA FALA.

A fala de Estremadura, é coñecida como **fala de Xálima, fala dos tres lugares, valego** ou **galego estremeño**. É unha variedade lingüística galego-portuguesa falada nos concellos de **San Martiño de Trebello, Valverde do Fresno e As Ellas**, no **Val de Xálima**, no noroeste da provincia de **Cáceres**. Aínda que non se pode considerar galego en sentido estrito, a maior parte dos lingüistas trátana como unha **variedade histórica do galego** por trazos máis comúns ás falas galegas que ao portugués e pola súa orixe, sobre a que hai controversia, pero inclínase cara unha repoboación de galegos levada a cabo no s. XII e XIII por Afonso VIII.



ALUMNO/A:

## Iniciamos a nosa viaxe.

Por definición, viaxar é cambiar a localización das persoas servíndonos dun medio de comunicación. Viaxar a pé é moito máis que desprazarse dun lugar a outro. Camiñar é achegarse doutro xeito, con outra mirada, a espazos de interese natural, histórico ou artístico. Camiñando atopamos sobre todo xente, persoas e pobos que nos ensinan os espazos que habitan. Viaxar é coñecer, é aprender é respectar mesmo aquilo que se ignora. Un viaxeiro nunca se confunde cun turista, porque o viaxeiro sente curiosidade, quere saber e agarda que as cousas sucedan, non ten prisa.

Este é o xeito en que nós imos realizar a nosa viaxe, coa mente curiosa, o corazón ilusionado e a man aberta a toda verba amiga. Imos coñecer outros lugares e outras xentes, polo tanto, esas outras xentes tamén nos coñecerán a nós. Andar polo mundo significa dialogar con outros que non somos nós nin son coma nós. Se queremos ser respectados, debemos respectar.

A nosa viaxe iníciase e remata en Rianxo, pero polo camiño faremos varias recaladas. O noso destino é Estremadura, pero a nosa meta é regresar a casa un pouco máis grandes, un pouco máis sabios, un pouco máis humanos.

Ao botar a andar, é bo que nos guiemos por unha carta de ruta, para non perdernos. É bo ollar arredor e saber onde estamos en cada momento.

**Por iso imos escribir no mapa da portada deste caderno os nomes dos lugares polos que pasamos, porque cando non temos un nome para dicir os lugares, estes non existen. TAREFA 1.**





## 1ª PARADA. SALAMANCA

A historia de Salamanca ten a súa orixe nunha pequena aldea da Idade de Ferro, situada no outeiro de San Vicente sobre o río Tormes. Xa no séc. IV aC. fálase da existencia da cidade celtibérica de SALMANTICA, un castro amurallado do que aínda se conservan restos nalgunhas rúas do casco vello. Desde entón pasaron por aí, ademais dos castrexos, romanos, visigodos e árabes. Ao pobo prerromano dos vetóns atribúeselle a famosa escultura zoomorfa, símbolo hoxe da cidade, coñecida como **Toro del Puente**.



Cóntase que no 220 aC. o xeneral cartaxinés Aníbal entrou en Salmántica acompañado de corenta elefantes. Despois veu a conquista romana. No séc. I aC. Salmántica xa era unha “civitas”, pertencente á **Lusitania**, fundamental para os romanos na **Vía**

**da Prata**, calzada que comunicaba Mérida con Astorga e importantísima rota comercial; de aí que construíran a **Ponte romana sobre o Tormes**. Coa chegada dos pobos xermánicos e despois dos árabes, a Salmántica ocórrelle xusto o contrario que á Gallaecia, entrou nun período de 700 anos de decadencia. Son os seus Séculos Escuros, que durarán até finais do séc. XI, en que o xenro borgoñón de Afonso VI repoboará a vella cidade con francos e galegos. No séc. XII iníciase a **Catedral románica** e reconstrúese a muralla celtibérica. No séc. XIII, Afonso IX, rei de Galicia e León, levará á cidade unha importante comunidade xudía e porase en marcha a fundación dos Estudos Xerais, embrión da Universidade.



## 1ª PARADA. SALAMANCA



Tras as crises e guerras dinásticas dos séc. XIV e XV, Salamanca viviu o séc. XVI como a cidade renacentista da Península Ibérica. Prosperidade socioeconómica, auxe do comercio, aumento das rendas dos latifundios destinados á produción de lá, aumento de poboación... xunto ao esplendor da **Universidade**, converteron a Salamanca nun centro cultural de enorme importancia. Foi a época en que se construíron numerosos palacios, conventos, colexios e escolas universitarias. Case todas no estilo **plateresco**. Esta época prolongouse até o séc. XVII, coincidindo cos

**Séculos de Ouro da Literatura Castelá.** Polas rúas de Salamanca pasearon nesa altura autores da importancia de Fray Luís de León, Miguel de Cervantes, Juan de la Cruz, Teresa de Jesús, Luís de Góngora, Francisco de Quevedo, Mateo Alemán, Calderón de la Barca ou Lope de Vega.

Este esplendor esvaeceuse noutra crise da que só saíu favorecida a oligarquía eclesiástica. Chegaron a construír algúns edificios barrocos como as **Torres da Clerecía** e a **Praza Mayor**. Pero haberá que agardar até o primeiro terzo do séc. XX, para que a Universidade rexurda de novo da man do reitor Miguel de Unamuno. A Guerra Civil significou unha nova paréntese e



Salamanca converteuse no cuartel xeral das tropas franquistas que deran o golpe de estado contra a República. Houbo que agardar pola



democracia, que transformou Salamanca nun auténtico emporio universitario, cultural e turístico. En 1988, foi declarada pola Unesco como Cidade Patrimonio da Humanidade.

**TAREFA 2.** Ademais de GUIAR O ROTEIRO, investiga a quen pertence a estatua que aparece máis arriba e onde se atopa a ra da fachada da Universidade .



## DESTINO. MONFRAGÜE



Monfragüe atópase case no centro da provincia de Cáceres, no triángulo formado polas cidades de Plasencia, Trujillo e Cáceres. Atravesan o parque dous ríos, o Texo e o Tiétar.

En 1979 foi declarado Parque Natural e no 2007 acadou a categoría de Parque Nacional. Monfragüe é un santuario para observar aves. Cada ano chegan miles de turistas para observar o voo das cegoñas negras, alimoches, voitres ou das escasísimas aguias imperiais.

O Parque recibe o seu nome dos romanos, ***Mons fragorum*** (monte das fragas ou fragoso). E baixo o Castelo de Monfragüe, atópase unha cova prehistórica. Por toda a Serra que rodea o Parque hai numerosas pinturas prehistóricas da Idade de Cobre, Bronce e Ferro. Tamén hai sepulcros megalíticos e menhires nas proximidades do Parque. En Miravete hai restos dun castro vetón. Os árabes



reconstruíron o antigo Castelo romano de Monfragüe e chamáronlle ***Al-Monfrag*** (o abismo). Na Baixa Idade Media créanse as ***Cañadas Reais*** para o tránsito dos rabaños de ovellas. Desa época datan os pobos que hai no Parque.

Durante o franquismo construíronse dúas presas que alteraron gravemente a paisaxe do Parque, quedando mergullados lugares de grande valor ecolóxico.



**TAREFA 3.** Cal destas imaxes recolle o coñecido Salto del Gitano? Investigar cal é a lenda que rodea este lugar (talvez preguntándolle á garda civil...)

# ROTEIRO. MONFRAGÜE




## ACTUAMOS CON CIVISMO...

1. Utilizamos os contedores de lixo.
2. Non faremos lume. É moi perigoso librarse das cabichas acesas.
3. Non cortaremos árbores nin plantas, nin flores.
4. Non sairemos dos camiños sinalados.
5. Non faremos demasiado ruído porque molestariamos á fauna e non poderíamos observala no seu estado natural.
6. Coidaremos de deixar os merendeiros tal e como os atopamos, limpos.
7. Non escribiremos nin deixaremos a nosa pegada en ningún lugar do Parque, para iso xa sacamos fotos.
8. Necesitaremos unha gorra para o sol e crema protectora; calzado cómodo para andar. E roupa lixeira e deportiva ou de montaña.
9. Viríannos ben uns prismáticos.
10. Debemos levar con nós auga e algo de comer (froita ou froitos secos).

**TAREFA 4. Investiga a diferenza entre un Parque Natural e un Parque Nacional . É Monfragüe unha Reserva da Biósfera? Por que?**



# AVES. MONFRAGÜE



su  
ciones

nestis

incluso puede verse en los

This be  
identified  
and b  
form

Gran ave  
Es la m  
alar, q

TAREFA 5. Ponlle nome a todas estas aves. En galego e en español.

## VAL DO JERTE



**AS CEREIXAS.** Unha grande parte do Val do Jerte está plantado de cerdeiras de variadas especies. A colleita da cereixa comeza en maio e acaba en xuño, salvo nas zonas máis elevadas do val, onde pode prolongarse até agosto. É un verdadeiro espectáculo contemplar as cerdeiras en flor.

### TAREFA 6.

Investiga como se chama a festa da recolleita da cereixa.

## VAL DO JERTE. GARGANTA DE LOS INFIERNOS



O leito do Río Jerte está cheo de piscinas naturais con augas procedentes do desxeo, que baixan entre rochas desde os cumios até o profundo val.

**LOS PILONES.** Son trece piscinas naturais formadas pola erosión da auga na rocha granítica, declarada Reserva Natural. O Val posúe unha ampla rede hidrográfica con abundantes **saltos** e **fervenzas**, tamén **marmitas xigantes**, que son grandes pozas escavadas na rocha pola erosión fluvial, como as de **Los Pilones**.

Carballos, espiños, castiñeiros, acivros, bidueiros, piornos e codesos son

abundantes neste paraxe. Entre as aves destaca o merlo acuático e as rarísimas cegoñas negras aniñan na comarca. Entre os mamíferos destaca o descoñecidísimo **desmán** e a cabra montesa.



**TAREFA 7.** Investiga que é o **desmán** e que nome recibe en galego.



## MÉRIDA. PASEO

Mérida é a capital de Estremadura, ademais de referencia turística en todo o mundo debido ao seu importante conxunto arqueolóxico e monumental, polo que foi declarada **Patrimonio da Humanidade** pola UNESCO en 1993.



**Augusta Emerita**, foi fundada por orde do emperador Octavio Augusto no **ano 25 a. C.**, para acoller aos soldados das guerras contra os cántabros.

Desde o principio foi unha cidade amurallada, na que tiñan especial interese os edificios de espectáculos públicos (Teatro, Anfiteatro e Circo), ademais dos

Foros, templos, termas, embalses... Destaca a ponte romana sobre o río Guadiana, unha das máis longas do imperio. Cos visigodos mantivo a súa importancia, pero cos árabes entrou en declive, porque crearan **Batalhús**, a actual Badaxoz. Desde 1230 pasa a ser unha provincia ligada á Orde de Santiago, da que depende.



Haberá que agardar ao séc. XX para que Mérida recupere o seu esplendor como centro administrativo, económico, institucional e turístico.

Desde 1933 celébrase na cidade o Festival de Teatro Clásico, o máis importante da Península. Trátase dun acontecemento que abrangue todo o verán, no que as representacións fanse no Teatro Romano.



**TAREFA 8.** No teu paseo por Mérida, busca e fotografía o Templo de Diana e o Arco de Trajano. Sinala o nome dos lugares nas imaxes que se atopan nesta páxina.

## MÉRIDA. TEATRO



O teatro romano de Mérida constrúese baixo o patrocinio de Agripa, xenro de Augusto, entre os anos 16 y 15 a.C., cando Mérida foi considerada capital provincial da Lusitania.

A pesar de que os romanos non eran moi afeccionados ao teatro, unha cidade de prestixio tiña que ter un edificio destinado ao teatro.

O Teatro Romano de Mérida tiña cabida para seis mil espectadores. Distribuíanse de abaixo a arriba segundo o seu rango social en tres sectores de gradas, **caveas summa, media e ima**, separados por corredores e barreiras. O espazo semicircular era onde se ubicaba o coro, a **orchestra**. Detrás da *orchestra* elévase o muro do

**proscenio**. Sobre el ábrese a **escena**. A escena péchase cun muro de trinta metros de altura, **frons scaenae**, con columnas entre as que se poden ver estatuas de emperadores e deuses.



Detrás do muro da fronte escénica, xorde un amplo xardín porticado cerrado por muros decorados con estatuas de membros da familia

imperial. Aquí atópase a **aula sacra**, un pequeno espazo sagrado cun altar onde se honraba ao divino Augusto.

O **Anfiteatro** é do séc. VIII aC. serviu de escenario para espectáculos moi populares: xogos de gladiadores, cacerías de ferás.... O seu coso daba cabida entre quince e dezaseis mil espectadores.






**TAREFA 9. Despois de velos, explica a diferenza entre o teatro e o anfiteatro.**



## ESTREMADURA. HISTORIA EN COMÚN CON GALICIA E PORTUGAL



Mapa que amosa a fragmentación do reino despois do ano **1065**, dividíndose da seguinte maneira:

-  Dominios de García II (Galiza).
-  Dominios de Afonso VI (León).
-  Dominios de Sancho II (Castela).

A partir do ano **1128**, Afonso Henriques gobernou independentemente Portugal, separado definitivamente do resto do reino de Galiza.

 Dominios de [Afonso Henriques](#).




- 1169. Fernando II, rei de Galicia e León, conquistou (temporalmente) Cáceres.
- 1170. Fundación da Orde Militar de Santiago en Cáceres, por orde do rei, por parte dos cabaleiros *Fratres*, para defendela dos árabes.
- 1175. Fundación da Orde Relixiosa de Santiago por Afonso VIII, para loitar nas conquistas cristiás das terras aos musulmáns.
- 1229. Conquista cristiá definitiva de Cáceres por Afonso VIII de Galicia e León (coñecido como Afonso IX na historiografía castelá).
- 1474. Os Reis Católicos ordenan **desmochar** as torres dos palacios, por teren apoiado á lexítima herdeira de Henrique IV de Trastámara, Xoana a Beltranexa, fronte a Isabel na loita pola coroa de Castela.

## CÁCERES



Pinturas rupestres do Paleolítico, cerâmica do Neolítico, estelas de guerreiros da Idade de Ferro, *verracos vetóns* (verróns ou porcos sementais dos vetóns, pobo prerromano), restos da cidade fundada por Cayo Norbano Flaco no ano 34 aC., a muralla e o alxibe árabes, as numerosas casas fortes medievais e os máis numerosos palacios renacentistas, a Concatedral e a Universidade... Todo isto é Cáceres!


Unha boa cidade para perderse nela sen rumbo fixo e paseala, sobre todo de noite, pola luminosidade escollida para resaltar os seus monumentos.



A súa **Praza Maior** foi declarada Monumento Nacional en 1949. En 1968 o Consello de Europa outorgoulle o título de Terceiro Conxunto Monumental de Europa. Desde 1986 é Cidade Patrimonio da Humanidade, pola UNESCO.



## LA VERA. MOSTEIRO DE YUSTE



A uns quilómetros de Cuacos de Yuste atópase o Mosteiro e pegado a el o palacio que Carlos V mandou construír para pasar os derradeiros anos da súa vida.

O mosteiro foi construído polos veciños no séc. XV, para dar acubillo aos ermitáns e despois aos monxes de San Xerome. O conxunto posúe unha igrexa, dous claustros e a casa real, cuxo dormitorio linda co coro da igrexa para que o emperador puidera oír misa desde a cama, pois sufría de gota.



O Real Mosteiro de Yuste forma parte do Patrimonio Nacional de España e é sede da Fundación Academia Europea de Yuste, adicada a fomentar o espírito de unión en Europa.



**Carlos V** era fillo de Felipe el Hermoso e Juana La Loca, neto dos Reis Católicos. Naceu en 1500 en Gante e morreu na **Comarca de La Vera** en 1558 . Criouse e viviu fóra da Península até a morte dos seus avós. Herdou o Reino de España e foi proclamado emperador en Aquisgrán en 1520. Caracterizouse por guerrear abundantemente, combater o luteranismo e procurar a unidade do catolicismo.

**TAREFA 11.** Investiga que festa de interese turístico en Estremadura se conmemora aquí en Yuste cada mes de de febreiro.

## LA VERA. GARGANTA LA OLLA

Na ladeira sur de Gredos, en paralelo ao río Tiétar, pódese arrecender o aroma das plantacións de tabaco e de pemento. Din que en La Vera prodúcese o mellor pementón do mundo. Probablemente sexa a comarca con máis fervenzas na Península Ibérica. É a comarca con máis vexetación de Estremadura. A razón está nos seus numerosos cursos de auga. É o lugar que escolleu o emperador Carlos V para pasar os seus últimos anos.



Este lugar está asentado nunha cubeta ou ola sobre o val de un dos afluentes do río Tiétar. Está rodeado de montañas que pertencen á Serra de Gredos, entre as que destaca a serra dos Tormantos. Entre as correntes de auga destaca o río Garganta.


No seu patrimonio artístico destaca a **igreja parroquial**, co seu órgano do Barroco, e a **ermida do Santísimo Cristo del Humilladero**. Unha curiosidade é a **Casa de las Muñecas**, que antes fora un prostíbulo utilizado polo séquito de Carlos V, cando este estaba en Yuste. Esta casa é de cor azul, para que todos soberan cal era a súa finalidade. Tamén destaca a **Casa de Postas**, vivenda utilizada na época de Carlos V como pousada para os viaxeiros.

Á entrada do pobo están as **gargantas**, **ollas** ou **piletillas**. Tamén é coñecida Garganta pola **lenda da serrana de La Vera**...

**TAREFA 12.** Investiga de que vai a lenda da **serrana de La Vera**.



## PLASENCIA



Cidade fundada polo rei Afonso VIII no séc. XII, de carácter militar. Desde os seus comezos os cabaleiros placentinos participaron en numerosas batallas como a Batalla das

Navas de Tolosa, ou a toma da cidade de Baeza, ou a reconquista da cidade de Sevilla por Fernando III, o Santo. Tamén tivo que ver coas discordias sobre a sucesión á coroa de Castela, apoiando os nobres a Xoana, a Beltranexa. Os séc. XVI e XVII marcaron o punto culminante da súa historia contribuindo á conquista e cristianización de América.

A muralla, coas súas oito portas é o grande monumento patrimonial desta cidade. Xunto á muralla loce o acueduto medieval, que era a vía de entrada da auga que chegaba desde as serras de Cabezabellosa e El Torno.

A Catedral Vella é un exemplo de transición da arte románica á gótica . Foi construída entre o séc. XV e o XVI. Fronte a ela, a Catedral nova ten dúas fachadas renacentistas de estilo plateresco; o seu coro din que é dos máis fermosos da Península. Plasencia contou cun dos principais



asentamentos sefardís de Estremadura. No **Berrocal** atopábase o antigo cemiterio xudeu.

## ÚLTIMA PARADA. ZAMORA



Zamora é descrita polos cronistas árabes, como “**a capital do reino de Galicia, rodeada de sete recintos amurallados e grandes fosos**”.

**Ocellum Duri** foi o nome que lle puxeron os romanos que conquistaron os poboados castrexos dos antigos vacceos, dedicados á agricultura e á gandeiría. Déronlle ese nome porque era lugar privilexiado á beira do Río Douro, onde se cruzaban a Vía da Prata cara a Astorga e a Vía Leste-Oeste cara a Zaragoza.


Das loitas contra os romanos datan as crónicas do caudillo lusitano **Viariato**, que, segundo a lenda, arrincaba tiras da súa capa e colocábaas na súa lanza cada vez que gañaba unha batalla contra os romanos, de aí as oito tiras da **Seña Bermeja**, a bandeira zamorana, que tamén ten unha tira verde, agregada por Fernando o Católico en agradecemento pola axuda na batalla contra Xoana a Beltranexa.



Cando chegan os visigodos, chámana **Semur** ou **Semure**, que significaba “vello muro”. Cando chegan os árabes chámana **Azemur**, “oliveiral silvestre”, e **Samurah**, “cidade das turquesas”. Varias veces cambia de mans ao longo destes séculos, de cristiáns a musulmáns e viceversa. Até que, á morte de Fernando I, no séc. XI, os seus fillos herdán os seus reinos: Sancho, Castela; Afonso, León; García, Galicia; e para as súas fillas entrega a gobernación de Zamora a Urraca e de Toro a Elvira. Pero Sancho, rei de Castela usurpa o trono aos seus irmáns e pon cerco a Zamora. Os zamoranos resisten máis de sete meses (de aí o refrán *Zamora no se ganó en una hora*), pero esgotados polo asedio introducen a un dos seus entre as tropas de Sancho, para gañar a confianza do rei. Finalmente, cando o rei cre que lle vai indicar como entrar na cidade polo **Portillo de la Traición**, Bellido Dolfos dálle morte e



acaba co asedio. Posteriormente o lugar pasará a chamarse **Portillo de la Lealtad**. Mais isto provocará a morte en duelo, para limpar a honra da cidade, dos fillos do seu gobernador, Arias Gonzalo, ao servizo da raíña dona Urraca (1033-1101). Ademais o Cid fará xurar na **Igrexa dos Cabaleiros de Santiago**, en Zamora, a Afonso VI, rei agora de León e Castela, que nada tiña que ver na morte do rei Sancho. Tamén será nesa igrexa onde será armado cabaleiro o Cid.



A Idade de Ouro de Zamora, como a galega, iníciase no séc. XII. Hoxe é coñecida como a **Cidade do Románico**. Este estilo arquitectónico, que brillou entre o séc. X e o XIII, que imitaba as columnas e os arcos de medio punto da arte romana, é o máis típico desta cidade. As guerras dinásticas pola coroa de Castela

despútanse en Zamora, tanto a de Pedro I contra Henrique de Trastámara, como a de Isabel I contra Xoana a Beltránexa. Tras a perda da batalla de Toro ou Castroqueimado por parte de Afonso V de Portugal, home de Xoana, os Reis Católicos fanse con Zamora e co Reino de Galicia. A partir de aquí comeza o seu declive. Despois virá a guerra contra a invasión francesa e despois a desamortización que provocará, como en Galicia, unha sangría na poboación camiño da emigración.

Hoxe parece que o tempo se detivese á beira do río Douro. A preguiza dos gobernantes e a pasividade das súas xentes (66 mil habitantes) teñen á cidade sumida no silencio, só roto cando os fillos dos emigrantes voltan pasar as vacacións á terra.



**TAREFA 14.** Investiga quen foi Baltasar Lobo e a que famoso poeta desta cidade pertencen os versos *Así es mi vida, / piedra, / como tú.*

## Regresamos a porto.

A viaxe foi intensa. Descalzámonos e mergullamos os nosos pés no camiño. Escoitamos, logo oímos; ollamos, logo vimos e aprehendemos. Mais a casa agarda por nós para curarnos de todo o que deixamos no camiño. Traemos as alforxas baleiras, mais o corazón e a retina inzados de paisaxes e experiencias.

**TAREFA FINAL.**      **Aprema que deixedes aquí, antes de que a viaxe e a emoción cheguen a porto, as vosas impresións, a vosa avaliación do labor realizado e as vosas suxestións para novas viaxes...**

### SENSACIÓNS

### AVALIACIÓN

### SUXESTIÓN



**ESPAZO PARA RESPONDER ÁS TAREFAS**

[illegible]

## PROGRAMA DA VIAXE

**8 DE ABRIL. DOMINGO:** Saída de Rianxo ás **8h. da mañá**. Parada en **Salamanca** (13:00h) para comer (por libre) e facer unha rota, guiados polo alumnado, para coñecer os lugares emblemáticos da cidade. Chegada a **Monfragüe**, reparto de *bungalows* e cea. Despois de cear, haberá xogos de presentación e información arredor das actividades dos días seguintes.

**9 DE ABRIL. LUNS:** Almorzo e saída para o **Parque Nacional de Monfragüe**. Xornada de campo cun guía especializado para realizar unha rota de sendeirismo (observación de aves, subida ao Castelo, visita ao centro de interpretación...). Despois de cear, haberá noite de concurso sorpresa.

**10 DE ABRIL. MARTES:** Almorzo e saída para **Emerita Augusta**, acompañados por un monitor. Asistiremos á representación teatral da obra **Medea** (11:30h), de Eurípides, no Teatro Romano. Paseo e comida (por libre) en Mérida. Visita ao Museo Nacional de Arte Romano. Pola tarde, rota guiada polo grupo de xogares Cuentatrovas, pola zona monumental de **Cáceres**. Volta ao *camping* para cear e paseo nocturno para contemplar as estrelas.

**11 DE ABRIL. MÉRCORES:** Almorzo e saída para o **Valle del Jerte**. Xornada de campo con guía especializado para realizar unha rota de sendeirismo (visita ao centro de interpretación da **Garganta de los Infiernos**, realización de parte da *Rota de Carlos V*; despois, visita a unha espectacular fervenza e, se o tempo o permite, descenso por un pequeno tramo do río). Volta ao *camping* para cear e noite de cine.

**12 DE ABRIL. XOVES:** Almorzo e saída para **La Vera**. Visita ao **Mosteiro de Yuste**, paseo por **Garganta la Olla** (vila declarada Patrimonio da Humanidade) e comida nun bosque á beira dunha piscina natural. Despois de comer, visita á zona monumental de **Plasencia**. Regreso ao *camping* e cea de despedida.

**13 DE ABRIL. VENRES:** Almorzo e despedida. Inicio da viaxe de regreso. Parada en **Zamora** para comer e pasear polo casco vello da cidade. Chegada a Rianxo ás 20:00h.

**OBSERVACIÓNS:** Pasaremos os días camiñando, precisamos calzado e roupa cómoda, protección para o sol e para chubieiras. Tamén unha mochila na que sempre haxa froita e auga, ademais dun bolígrafo e esta guía. O móbil é un instrumento moi valioso nesta saída.

**Profesor responsable da saída: RAFAEL SACO (616169620)**

**Profesorado acompañante: SOFÍA RAMA (639975156) e ALFONSO MARTÍNEZ**

**Agradecementos á profesora ANA RIVAS**